

Licenzas de formación non retribuídas

Por segundo ano consecutivo a Consellería de Educación oferta licenzas de formación unicamente non retribuídas. Unha nova volta de torca á perda de dereitos do profesorado que non poderá acceder ás licenzas retribuídas que ata hai dous anos si se ofertaban. As licenzas retribuídas xa se viñeron reducindo na súa duración nos anos previos pois pasaron de abranguer un curso completo ou a metade para rematar estudos a só de un ata tres meses para elaborar material didáctico, parece que agora reciben a estocada final. A CIG-Ensino esixe a convocatoria das licenzas retribuídas xa que a súa perda redonda no goteo de perda de dereitos que vén sufrindo o profesorado.

As licenzas sen retribuír que agora se nos ofrecen non poden entenderse como unha medida de mellora da carreira profesional xa que carecen de retribución económica e que obrigan o profesorado a asumir unha importante perda salarial para poder continuar a súa formación ou realizar investigacións que van repercutir na mellora do ensino público.

No curso pasado, no borrador que se presentou na mesa sectorial, non se limitaba o número de peticións nin de tempo total destas, pero na publicación que finalmente se fixo, si se introduciu o límite de 96 meses. Este límite foi totalmente insuficiente, quedando profesorado sen poder gozar destas licenzas.

Era esperable que, ao eliminarse as licenzas retribuídas, as solicitudes fosen elevadas (pasaron de ser 8 peticións na convocatoria do 2024 a 23 peticións na do 2025). Na convocatoria pasada a Consellería de forma trapalleira adoptou un criterio que non constaba na convocatoria para asignar praza a determinadas persoas ao ter máis solicitudes que meses ofertaba.

De novo nesta convocatoria volve a ofertarse simplemente 96 meses (80 para a submodalidade A e 16 para a submodalidade B), o cal para a CIG-Ensino son totalmente insuficientes, e esiximos aumentar este número.

Na **submodalidade A**, para a realización de estudos de carácter académico, segundo a proposta de borrador da Orde, como máximo poderían facer uso delas 16 persoas, sempre que as solicitudes sexan a tempo parcial (5 meses). Se fosen dun curso completo, só poderían facer uso delas 8. E as combinacións, entre períodos parciais e a tempo completo sería combinación matemática, estarían entre 15 e 9 persoas. Se temos en conta que na pasada convocatoria quedaron sen atender 26 meses é evidente que se debe incrementar o número.

Na **submodalidade B**, para realizar proxectos ou actividades orixinais e inéditas realizados de maneira individual, segundo a proposta do borrador da Orde poderían facer uso delas como máximo 3 persoas, sempre que as tres

as soliciten para períodos parciais (5 meses). De seren para un curso completo, só poderían atender a de 1 persoa (9 meses) xunto con outra para un período parcial (9+5=14 meses). Para 2 persoas poder pedilas para o curso completo terían que sobrar meses da outra submodalidade.

Na pasada convocatoria puidemos comprobar como algunhas persoas, botando as anteriores contas, dubidaban se solicitar medio curso ou o curso completo por medo a quedar sen praza de optar pola segunda opción. Isto é mostra da miseria que supón esta oferta.

Mentres a Administración incrementa constantemente as esixencias de dixitalización, formación permanente, atención á diversidade e adaptación aos novos retos educativos, continúa ofrecendo un tipo de licenzas claramente raquítrico e economicamente inaccesible para boa parte do colectivo docente. Non é unha mellora da carreira profesional cando é unha medida que depende da capacidade económica individual do profesorado.

O profesorado leva anos asumindo máis burocracia, máis responsabilidades e máis presión sen o respaldo nin os recursos necesarios, polo que resulta imprescindible recuperar as licenzas retribuídas e aumentar de maneira substancial o número de licenzas sen retribuír de xeito que se avance cara a un modelo de formación verdadeiramente accesible e digno para a mellora do ensino público galego e a carreira profesional docente.

Achegas ao articulado:

Artigo segundo.

Reclamamos que o inicio sexa o 1 de setembro, e non a 15, coa suficiente antelación para que a substitución se efective antes do comezo das aulas.

Tal como solicitamos na pasada convocatoria, solicitude finalmente aceptada pola Consellería, insistimos en que de optar polos períodos parciais, que o segundo comece en xaneiro e non en febreiro xa que non ten sentido pedagóxico nin organizativo.

A CIG-Ensino propón que poidan concederse por períodos ininterrompidos de ata seis meses (do 1 de setembro de 2026 ao 31 de xaneiro de 2027, ou do 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2027), ou polo total do período de licenzas por formación, é dicir, do 1 de setembro de 2026 ao 30 de xuño de 2027. No borrador indícase “de ata cinco meses”. De aceptarse a proposta, habería que adaptala ás submodalidades.

Aceptan cambiar as datas, que serán as mesmas que o curso pasado: do 1 de setembro a 31 de xaneiro, do 1 de xaneiro a 31 de xuño, e do 1 de setembro ao 30 de xuño.

Na submodalidade b, indícase, alén do cumprimento dos requisitos, a supeditación ás necesidades do servizo. Solicitamos que se elimine esa traba. Se se contrata profesorado é difícil que o servizo non se siga mantendo malia que unha persoa teña unha licenza.

Non aceptan

Artigo terceiro.

3.2. Queda a interpretación da comisión “competencia suficientes no manexo das aplicacións e ferramentas que se van utilizar para a elaboración dos materiais”. Este

requisito non ten conexión directa coas submodalidades para as que son concedidas as licenzas, ademais de ser pouco obxectivo e avaliable.

Artigo quinto.

En canto ao prazo de presentación de solicitudes do que o borrador non presenta datas, esiximos que se axilice a publicación da convocatoria de xeito que non ocorra como na anterior que rematou a finais de agosto. Isto supuxo problemas á hora de convocar as reunións da comisión de valoración que se fixo de xeito telemático nalgún caso e que prexudicou a persoas que se presentaron a outras convocatorias resoltas con moita antelación de xeito que se lles excluíu desta.

Artigo sexto. Comisión de selección.

Punto 1. “Os sindicatos integrantes da Mesa sectorial poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión”. Propoñemos a seguinte redacción

“Os sindicatos integrantes da Mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión para o que serán convocados, con dereito a recibir a información necesaria para o seguimento do procedemento de selección, garantindo os principios de igualdade, mérito, obxectividade e transparencia.

Para estes efectos, facilitaráselles acceso á documentación e información estritamente necesaria para verificar a correcta aplicación dos criterios de valoración e selección que á súa vez deben expoñerse na comisión de valoración”

Igual sucedería no caso de constituíren equipos técnicos de análise e valoración. (6.2 segundo parágrafo).

Punto 2. “traballo presentado se axusta ao establecido no anexo I”.

Este Anexo é demasiado xeral, debería contar con criterios máis obxectivos e unha rúbrica para a baremación.

Artigo sétimo.

No apartado 2, valoramos positivamente o incremento de 3 a 5 días con respecto á anterior convocatoria para a presentación de reclamacións e propoñemos que se indique, como se facía naquela, o modo de presentación na Sede electrónica e o código do procedemento.

Artigo oitavo. Resolución definitiva.

Deberían calcularse os prazos para que a resolución definitiva da convocatoria se publique con anterioridade ao inicio do curso e, preferentemente, antes da resolución da adxudicación de destinos provisionais do profesorado, co obxecto de facilitar a adecuada planificación dos centros co profesorado que lla conceden a curso completo, das substitucións e da organización do curso escolar.

Comprométense a axilizar as datas para resolver canto antes.

No caso de non producirse nestes prazos, que se estableza a comunicación entre os departamentos implicados para que a persoa que ten concedida a licenza, non sexa requirida para ir o centro, e os centros teñan a opción de reclamar a substitución da docente con suficiente antelación.

Artigo noveno. Obrigas das persoas beneficiarias.

Para a submodalidade a, no apartado a.2), debería recoller a excepcionalidade de aumentar o prazo ou contemplar outra opción de entrega no caso de que a entidade académica non emita as notas nese prazo.

Propoñemos que se elimine a penalización en caso de “non apto” que impide a participación nas tres seguintes convocatorias.

Artigo décimo. Situación administrativa das persoas beneficiarias.

Debería aclararse de que parte de cotización, durante a licenza, se fai cargo a Consellería e de cal se ten que facer cargo a persoa que a ten.

Solicitamos que se alongue o período das licenzas en caso de baixas médicas ou permiso de maternidade e paternidades.

Solicitamos engadir:

“As persoas beneficiarias das licenzas manterán, durante o período de goce destas, o acceso ás actividades de formación permanente do profesorado organizadas ou homologadas pola Consellería, sempre que sexan compatibles co obxecto da licenza e non desvirtúen a súa finalidade.”

Acceptan a petición de que no período de goce das licenzas se poida acceder a actividades de formación

Artigo décimo primeiro. Incompatibilidades.

4.3. “A persoa solicitante que obteña praza... deberá notificalo con carácter urxente e por escrito á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos”.

Deberían as Direccións Xerais comunicarse entre elas e co centro para evitar trámites administrativos e burocracia por parte do profesorado.

Artigo décimo cuarto. Materiais.

Os materiais elaborados na submodalidade b deberían ter un recoñecemento como mérito académico. Posible texto a engadir:

“Os materiais elaborados durante as licenzas por formación que obteñan a valoración de apto e sexan aceptados pola Administración educativa terán a consideración de mérito profesional e académico para os efectos da súa valoración nos concursos de traslados, procedementos de provisión, convocatorias de méritos, carreira profesional docente e demais procedementos convocados pola Consellería.”

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal